

“Entendendo e Apoiano a Estudantes Autistas na Aula”

Formación específica para Centros Educativos da Comunidade Autónoma de Galicia



Agora que está a piques de empezar o novo ano escolar, dende **ASPERGA**, comprácenos ofrecer unha valiosa oportunidade de formación para o persoal docente, os alumnos, o persoal de apoio e as familias dos estudantes do seu centro educativo.

Descrición

Como entidade que representa ao colectivo autista e ás súas familias, estamos comprometidos co éxito académico e emocional de todos os estudantes, incluíndo aqueles no espectro do autismo. Por iso, poñemos á túa disposición un equipo de profesionais especializados en autismo, que traballan desde o 2006 cunha parte do colectivo, persoas diagnosticadas de autismo con nivel de apoio 1 e/o 2, sen discapacidade intelectual nin deterioración da linguaxe e que están completamente integrados nos centros de educación ordinaria

Resumen

Data	A acordar co centro educativo en horario de mañá ou tarde segundo se acorde co seu centro e os nosos profesionais.
Contido da Formación	<ul style="list-style-type: none"> • Introducción ao espectro do autismo e as súas características. • Estratexias prácticas para crear unha contorna inclusiva na aula. • Comunicación efectiva con estudantes autistas. • Adaptacións curriculares e apoios individualizados
Beneficios da Formación	<ul style="list-style-type: none"> • Maior comprensión do autismo e os seus desafíos. • Ferramentas prácticas para apoiar a estudantes autistas. • Fomento dun ambiente inclusivo e respectuoso.
Próximos pasos	<ul style="list-style-type: none"> • Chamar ao 881917318 • Escribir a asperga@asperga.org • *Debido á alta demanda desta formación, se o seu centro ten interese en contratala ou necesita máis información, rogamos se poñan en contacto canto antes xa que estamos pechando datas para outono.

Custo da formación

- 80€/hora independentemente de cantos profesionáis de Asperga asistan a formación.
- quilometraxe se a formación se realiza fóra das cidades da Coruña ou Santiago de Compostela.

Quenes somos?

ASPERGA naceu no 2006, convertíndose ao longo dos anos nunha entidade ética e sostible, referente en servizos especializados a persoas con TEA, autistas con grao de apoio 1 e/o 2 sen déficit intelectual nin do linguaxe acompañante, o que viña denominando Síndrome de Asperger, e ás súas familias. Comprometida coa inclusión plena en sociedade, xerando alianzas, desenvolvendo e promovendo apoios innovadores, educando na xustiza e o dereito das persoas TEA a unha vida plena en comunidade implicando con iniciativa a todos os grupos de relación.

Que facemos?

ASPERGA ofrece unha ampla gama de servizos para apoiar ás persoas Autistas/síndrome de Asperger e as súas familias en Galicia. Aquí tes algúns dos servizos máis destacados:

- Orientación e asesoramento: Proporcionan información e apoio ás familias e persoas Asperger.
- Valoración diagnóstica: Realizan avaliacións para diagnosticar a síndrome de Asperger.
- Atención psicolóxica: Ofrecen terapias e apoio psicolóxico.
- Logopedia: Axudan a mellorar as habilidades de comunicación.
- Terapia ocupacional: Traballan no desenvolvemento de habilidades para a vida diaria.
- Intervención familiar: Apoian ás familias na xestión do día a día.
- Programas grupais: Desenvolven habilidades sociais e de integración sensorial.
- Orientación educativa: Colaboran con centros educativos para apoiar aos estudantes Asperger.
- Orientación Laboral: Proceso de asesoramento e apoio que axuda ás persoas con diagnóstico de Autismo a prepararse para atopar un emprego adecuado ás súas habilidades, intereses e obxectivos profesionais.
- Charlas informativas: Organizan sesións para profesionais sanitarios, da educación, familias, persoas con autismo e o público en xeral.
- Xornadas de sensibilización: Promoven a concienciación sobre o Autismo/síndrome de Asperger.

Máis Información sobre ASPERGA e os nósos servizos

XERAL

Teléfonos: 881 917 318
asperga@asperga.org
www.asperga.org
[LinkedIn](#)
[Instagram](#)
[Facebook](#)
[YouTube](#)
[X/X](#)

A CORUÑA

Rúa Juan de la Cierva, 5
15008, A Coruña
881 917 318
Nº rexistro sanitario:
C-15-003421

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa José Ángel Valente, 9,
Baixo, Conxo
15706, Santiago de Compostela
881 165 157
Nº rexistro sanitario:
C-15-004107

“Nada sobre **NÓS** sen **NÓS**”